

Súmate ao VOLUNTARIADO MARRÓN

BUSCAMOS FAMILIAS E PERSOAS CONCIENCIADAS

para participar neste innovador programa de reciclaxe de residuos orgánicos. Se che preocupa a saúde do planeta e a sostibilidade do teu concello, **pásate ao marrón.**


UN PEQUENO XESTO, UN AVANCE GRANDE

A reciclaxe está a evolucionar e, en Narón, moi pronto será habitual separar as sobras da comida dentro un colector específico:

o colector marrón.

Depositar os restos orgánicos neste novo bidón pode ser un xesto sinxelo para ti, pero supón un grande avance para a mellora da xestión dos residuos no noso concello e para transformar eses residuos en fertilizante.

Se che gusta colaborar no coidado do medio ambiente e se queres reducir a túa pegada persoal de carbono, **abre esta páxina e segue lendo.**



#Ti tes a chave



CONSIGUE O TEU KIT DE VOLUNTARI@

Se decides colaborar neste importante proxecto, **entregarémosche de balde** un caldeiro marrón de 10 litros, bolsas de compostaxe para os primeiros usos, a chave do colector marrón de rúa e o agradecemento de quen traballamos para facer un concello máis sostible e para reverter o cambio climático.



O CALDEIRO AIREADO

É para que o uses na túa casa. Neste pequeno caldeiro con buratos, ti e a túa familia poderedes depositar nunha bolsa os restos de materia orgánica que produzades cada día. Cando estea cheo, deberalo baleirar no colector marrón situado na túa rúa.



Si: Restos de froita e verdura, restos de carne e peixe, cunchas de marisco ou froitos secos, restos de pan, restos de café e infusión, papel de cociña, restos de plantas, tapóns de cortiza...

NON: Comida envasada, cueiros, compresas, bastonciños de algodón, cabichas e paquetes de tabaco, cápsulas de café, téxtil, papel de aluminio, plásticos e envases, lixo, cabelos...



AS SOBRAS NON SOBTRAN

Todos os restos que se depositen nos colectores marróns levaranse a unha planta especializada de tratamento de residuos onde serán convertidos en compost para empregar como fertilizante natural. As vantaxes deste proceso son evidentes:

- > **Actívase a economía circular**, o residuo convértese en compost e volve ao ciclo da vida.
- > **Obtense compost natural** de calidade para usar na horta e redúcese o uso de fertilizantes químicos e pesticidas.
- > **Decrecen as emisións de CO₂** e outros gases de efecto invernadoiro.
- > **Disminúe a contaminación** do solo, dos leitos e dos acuíferos.
- > **Sitúa ao Concello de Narón** na vangarda en Galicia en materia de residuos e ao nivel doutras cidades europeas.



O COLECTOR MARRÓN

Está situado na rúa, moi preto da túa casa. Ábrese cunha tarxeta a modo de chave, pois o seu contido é moi valioso. **Ti gardarás esa chave**. Desde o Concello, procederemos a instalar, nas rúas do noso casco urbano, estes colectores nos que poderás verter o material recollido co caldeiro aireado.



OS GRANDES PRODUTORES

Se tes un bar, un restaurante, unha froitaría, unha panadaría, unha peixaría, unha carnicaría ou calquera establecemento que produza materia orgánica, tamén es benvid@ a este programa tan necesario.



ÚNETE AO VOLUNTARIADO MARRÓN

Se vives no rural e tes unha finca con máis de 50 metros cadrados, podes solicitar por teléfono, por correo electrónico, escaneando o QR ou na Casa do Concello un composteiro individual co que elaborar o teu propio compost.

APÚNTATE!

Nave de Servizos Básicos.
Estrada de Cedeira, km1
981 39 70 07
servizosbasicos@naron.gal
www.naron.es

